




## O cambio climático nos ecosistemas terrestres

CON MÁIS CALOR

### Previsións de evolución das temperaturas



#### Aumento das pragas



**O avance da procesionaria.** A procesionaria do piñeiro é unha praga que está a causar estragos nos bosques, e moi especialmente nos de tipo mediterráneo. Non obstante, ata hai pouco tempo non podía chegar máis arriba dos 1.500 metros sobre o nivel do mar. O descenso das temperaturas provocou que hoxe, a procesionaria estea a afectar a bosques da Serra de Gredos ou de Serra Nevada.

#### Aumento do risco de incendios forestais




**Un círculo vicioso.** O aumento da concentración de dióxido de carbono na atmosfera provoca, por unha banda, un ascenso das temperaturas e dos períodos de seca e, pola outra, un aumento no crecemento da vexetación que precisa deste gas para a función clorofílica. O resultado é o aumento do risco de incendios forestais nos que, á súa vez, se emite á atmosfera unha gran cantidade de CO<sub>2</sub>.

**Mapa de aridez.** Este mapa amosa o grao de aridez (cores vermella, laranxa e amarela), fronte á superficie húmida (verdes). A tendencia da evolución do cambio climático fai que se perdan zonas húmidas e aumente a desertización.



### E CON MENOS CHUVIAS e das precipitacións



Sabemos o que vai pasar? Os mapas da esquerda forman parte dun informe elaborado polo Grupo Intergubernamental de Expertos sobre o Cambio Climático (IPCC) en 2007, o ano en que foron recoñecidos co Premio Nobel da Paz. Este tipo de predicións elabóranse a partir de modelos con complicados programas informáticos. Os expertos analizaron tres escenarios posibles, e o que reproducimos é o intermedio.

#### Desaparición de paisaxes húmidas



**O bosque mediterráneo.** As devesas do sur da Península están a desaparecer, mentres no norte están a minguar as paisaxes húmidas.

#### Máis períodos de seca



**Niveis dos encoros.** A fotografía foi tomada no encoro de Portomarín, en outubro de 2007. Os veciños non lembraban unha seca así.

#### RESPONDE:

**Canto subirá a temperatura en Europa a finais do século XXI?**

**Que efectos ten o cambio climático sobre os bosques?**

**Como vai afectar a España o cambio climático en relación coa humidade - aridez?**

